


# MANUAL DE IDENTIDADE CORPORATIVA



CONCELLO DE  
SANTIAGO

Introdución .....	5
ELEMENTOS DE IDENTIDADE	
Escudo e bandeira .....	7
SISTEMA BÁSICO DE IDENTIFICACIÓN	
A imaxe gráfica. Símbolo .....	10
A imaxe gráfica. Logotipo .....	11
A imaxe gráfica .....	12
As cores .....	15
A imaxe gráfica. Versión de uso restrinxido .....	16
A imaxe gráfica. Reprodución sobre fondos de cor .....	18
Tipografías .....	20
Imaxes gráficas con denominación. Exemplos .....	22
Construción da imaxe gráfica con denominación .....	24
Área de protección da imaxe gráfica .....	26
Área de protección da imaxe de uso restrinxido .....	27
Usos incorrectos. Deformacións na imaxe gráfica .....	28
Usos incorrectos. Deformacións na construción .....	29
Usos incorrectos. Uso de tipografía non corporativa .....	30
Usos incorrectos. Cores non corporativas .....	31
APLICACIÓNS (Papelería)	
Formatos de papel e sobres normalizados .....	35
Papel de carta .....	36
Tarxeta e tarxetón .....	39
Saúda. Alcalde .....	42
Cuartilla .....	43
Sobre americano .....	46
Sobre bolsa media folla .....	48
Sobre bolsa .....	50
Carpeta .....	51
APLICACIÓNS. PRENSA, PUBLICACIÓNS	
Anuncios prensa .....	57
Publicidade xeral .....	62
Cartelería .....	63
Publicacións .....	64
Pancartas, distintivos, rotulación de eventos .....	67

## INTRODUCCIÓN

A identidade corporativa é a ferramenta fundamental de identificación e personalización de calquera entidade, pública ou privada. Proporciona uns trazos propios, específicos e diferenciadores que configuran a súa personalidade: a personalidade coa que é recoñecida e valorada polos seus destinatarios.

No caso das entidades públicas, e máis no caso das administracións máis próximas aos cidadáns, as corporacións locais, é especialmente relevante acadar un notábel grao de recoñecemento desta identidade por parte da cidadanía, posto que identifica e garante os servizos e as responsabilidades do concello.

A imaxe corporativa do Concello de Santiago de Compostela ten por obxectivo facilitar esta comunicación, permitindo á cidadanía recoñecer inmediatamente calquera mensaxe ou acción municipal. Así mesmo, esta imaxe corporativa é clave para a súa comunicación interna, que debe expresar un empeño e unha filosofía compartida por todo o seu persoal.

Este manual básico de identidade recolle os principais elementos da identidade corporativa e as aplicacións máis frecuentes. En todo caso, é relevante subliñar que o manual non dá resposta á multiplicidade de aplicacións que poidan presentarse, mais si constitúe unha ferramenta viva en permanente adaptación, que resulta imprescindible para que o Concello transmita unha imaxe coherente que o cidadán recoñeza e na que se recoñeza.

Con este fin, o Concello de Santiago, a través da súa páxina web ([www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)) pon ao dispor dos usuarios internos e externos as normas básicas de emprego do seu símbolo e do seu logotipo, así como as especificacións básicas para a súa correcta aplicación nos usos máis frecuentes.

Calquera dúbida nas aplicacións autorizadas neste manual pódese consultar en [prensa@aytocompostela.es](mailto:prensa@aytocompostela.es)

Agradecemos a colaboración de todo o persoal do Concello na aplicación destas normas e pregámoslle o seu total respecto e salvagarda.

Os elementos de identidade da imaxe institucional do Concello de Santiago son:

- Escudo e bandeira
- Imaxe gráfica


ESCUDO



BANDEIRA



IMAXE GRÁFICA  
Símbolo e logotipo



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

• **ESCUDO**

O **punto 3** do artigo terceiro da **Lei do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela** (publicada no **Boletín do Parlamento de Galicia** núm. 150, do 24 de xuño de 2002–VI Lexislatura), que corresponde ao “réxime xurídico e especial e símbolos” establece que:

“Como distintivo da capitalidade, o escudo de Santiago de Compostela está conformado por dous cuarteis, o dereito coas armas de Galicia, cáliz con Sagrada Hostia con sete cruces periféricas; e o esquerdo co sepulcro do Apóstolo en mármore branco,

con forma de arqueta sobre nubes, e no alto unha estrela de ouro radiante; sobre o escudo, a coroa dos Reis Católicos, por detrás, a Cruz Espada de Santiago”.

**Cores do escudo**

Dourado: Pantone 874  
 Vermello: Pantone 193  
 Azul: Pantone Process Blue  
 Verde: Pantone 347

Polo seu propio carácter, o uso do escudo é necesariamente moi restrinxido, circunscrito a elementos de carácter representativo institucional.



**• BANDEIRA**

No **punto 4** deste mesmo artigo descríbese a bandeira de Santiago de Compostela, que é “de cor granate e leva bordado, no seu centro, o escudo”.

**Cores da bandeira**

Fondo vermello: Pantone 193

Escudo: as súas cores corporativas



**• IMAXE GRÁFICA**

Conforma o elemento de identidade fundamental do Concello de Santiago e emprégase na maioría dos casos e aplicacións. Está integrada polo **símbolo** (forma simbólica de representación) e o **logotipo** (construción tipográfica do nome) segundo se detalla de seguido.


**SÍMBOLO**

O familiar e emblemático contorno da catedral de Santiago de Compostela, principal sinal de identidade da nosa cidade e universalmente recoñecido, é o símbolo do Concello de Santiago desde hai máis de dúas décadas. Está formado por dezasete estilizados triángulos en disposición vertical que

representan a silueta da fachada da Catedral.

O símbolo expresa tanto a estabilidade e a fortaleza da institución, ao estar solidamente afianzado nunha base ancha, como o compromiso e a aspiración de futuro, pola súa disposición vertical na que as tres “torres” semellan medrar cara o ceo. O seu deseño limpo, equilibrado e minimalista conxuga o peso da tradición co da modernidade, xerando unha sensación de proxección de futuro.

**O símbolo débese utilizar segundo as normas descritas neste manual e –salvo nos casos expresamente especificados– sempre acompañado do logotipo.**



A construción tipográfica do nome emprega única e exclusivamente a tipografía Globe Gothic-Bold, en caixa alta, estilo normal e escala horizontal 80%.

**O logotipo débese empregar segundo as normas descritas neste manual, e –salvo nos casos expresamente especificados– sempre acompañado do símbolo.**

**O emprego dos elementos de identidade segundo as normas descritas admite os cambios de escala necesarios, pero non a manipulación das súas proporcións.**

Símbolo e logotipo conforman un conxunto global e coherente. Calquera manipulación ou desviación da normativa incidirá no deterioro da imaxe institucional municipal, polo que se prega o respecto destas normas nas súas aplicacións.

Pode dispoñerse de dúas formas distintas:

- Versión principal:  
dúas liñas, aliñación centrada
- Versión restrinxida:  
unha liña, aliñación centrada

Versión principal:  
Dúas liñas, aliñación centrada

# CONCELLO DE SANTIAGO

Versión restrinxida:  
Unha liña, aliñación centrada

# CONCELLO DE SANTIAGO



A imaxe gráfica está formada polo conxunto do símbolo máis o logotipo.

A relación de tamaños entre símbolo e logotipo e a distancia entre eles constitúe unha das constantes universais que definen a imaxe corporativa do Concello.

A imaxe gráfica do Concello de Santiago é a composta polo símbolo e o logotipo disposto en dúas liñas centrado (existe outra versión de uso máis restrinxido).


#### **Branco e negro positivo**



Branco e negro negativo



Negativo sobre fondo de cor corporativa (pantone 193)



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

A gama cromática básica do símbolo e logotipo do Concello de Santiago está constituída por tres cores:

- Vermello (Pantone 193)
- Negro
- Branco

**Vermello. Pantone 193 CV**  
(20C / 100M / 70Y / 0K)



**Negro**  
(0C / 0M / 0Y / 100K)




**Branco**  
(0C / 0M / 0Y / 0K)



Existe unha versión de **uso restrinxido** na que o logotipo se dispón nunha liña centrada.


Esta versión utilizarase naqueles casos que poidan aconsellar unha distribución horizontal do logotipo.

**Uso restrinxido: branco e negro**



**CONCELLO DE SANTIAGO**

Uso restrinxido: branco e negro negativo



**CONCELLO DE SANTIAGO**

**Aplicación da imaxe gráfica  
sobre fondos de cor cun grao de  
saturación inferior ó 40%**

Cando a imaxe gráfica apareza sobre  
fondos de cor cun grao de saturación  
inferior ó 40%, deberá utilizarse a  
versión positiva do mesmo.



**Aplicación da imaxe gráfica sobre fondos de cor cun grao de saturación superior ó 40%**  
Cando a imaxe gráfica apareza sobre fondos de cor cun grao de saturación superior ó 40%, deberá utilizarse a versión negativa do mesmo.





A tipografía corporativa básica é a Globe Gothic Bold nas súas diferentes versións. Para facilitar a multiplicidade de tipos de documentos empregados de cotío na administración municipal establécese unha ampla variedade de tipografías complementarias compatibles coa básica.

**Tipografía corporativa**

Globe Gothic Bold  
Escala horizontal 80%

**ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ**  
**abcdefghijklmnopqrstuvwxyz**  
**1234567890**

**Tipografías compatibles**

Toda a familia da Helvética ou  
Arial: Helvética ou Arial Light

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ  
abcdefghijklmnopqrstuvwxyz 1234567890

Helvética ou Arial Light Italic

*ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ*  
*abcdefghijklmnopqrstuvwxyz 1234567890*

Helvética ou Arial Regular

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ  
abcdefghijklmnopqrstuvwxyz 1234567890

Helvética ou Arial Italic

*ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ*  
*abcdefghijklmnopqrstuvwxyz 1234567890*

Helvética ou Arial Bold

**ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ**  
**abcdefghijklmnopqrstuvwxyz 1234567890**

Helvética ou Arial Bold Italic

***ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ***  
***abcdefghijklmnopqrstuvwxyz 1234567890***

Helvética ou Arial Black

**ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ**  
**abcdefghijklmnopqrstuvwxyz 1234567890**

Helvética ou Arial Black Italic

***ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ***  
***abcdefghijklmnopqrstuvwxyz 1234567890*****Tipografías compatibles**  
Toda a familia da Times:  
Times RomanABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ  
abcdefghijklmnopqrstuvwxyz 1234567890

Times Roman Italic

*ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ*  
*abcdefghijklmnopqrstuvwxyz 1234567890*

Times Bold





**ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ**  
**abcdefghijklmnopqrstuvwxyz 1234567890**

Times Bold Italic

***ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ***  
***abcdefghijklmnopqrstuvwxyz 1234567890***





**EXEMPLOS DE CONSTRUCCIÓN  
CON CONCELLERÍAS MUNICIPAIS**

Nos casos de denominación moi extensa óptase pola construción da denominación en dúas liñas.

**CONCELLO DE  
SANTIAGO****Concellería de  
Medio Ambiente****CONCELLO DE  
SANTIAGO****Concellaría de Deportes****CONCELLO DE  
SANTIAGO****Concellería de Facenda****CONCELLO DE  
SANTIAGO****Concellaría de Cultura**

**EXEMPLOS DE CONSTRUCCIÓN  
CON DENOMINACIÓN DE  
DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS**

Nos casos de denominación moi extensa óptase pola construción da denominación en dúas liñas.

**CONCELLO DE  
SANTIAGO****Departamento de  
Medio Ambiente****CONCELLO DE  
SANTIAGO****Departamento de Deportes****CONCELLO DE  
SANTIAGO****Departamento de  
Facenda****CONCELLO DE  
SANTIAGO****Departamento de Cultura**

**CONSTRUCCIÓN DA IMAXE GRÁFICA  
CON DENOMINACIÓN**

Para a **denominación** de departamentos municipais a tipografía utilizada é a Helvética Bold, escala horizontal 100%, en caixa alta e baixa, aliñación centrada e interliñado automático.

Exemplo de construción con denominación de departamento municipal nunha liña



Exemplo de construción con denominación de departamento municipal en dúas liñas



**CONSTRUCCIÓN DA IMAXE GRÁFICA DE USO RESTRINXIDO CON DENOMINACIÓN**

Para a denominación de departamentos municipais a tipografía utilizada é a Helvética Bold, escala horizontal 100%, en caixa alta

e baixa, aliñación centrada e interliñado automático.

Como quedou dito anteriormente (páxina 12 deste manual) a utilización desta versión será consultada previamente co Departamento de Comunicación do Concello.

Exemplo de construción con denominación de departamento municipal nunha liña



Exemplo de construción con denominación de departamento municipal en dúas liñas



Co obxecto de garantir que se conserven as proporcións axeitadas da imaxe gráfica en todas as súas aplicacións establécese a súa área de protección, na que non poden situarse outras imaxes e/ou logotipos.

A área de protección está calculada en función de X.

**Dúas liñas, aliñación centrada**



Versión de uso restrinxido: unha liña, alíñación centrada





**DEFORMACIONES NA  
IMAXE GRÁFICA**

A imaxe gráfica ten unhas proporcións que, en ningún caso, poden ser modificadas.

Serán consideradas incorrectas as variacións non idénticas nas escalas horizontal e vertical.



**DEFORMACIONES NA CONSTRUCIÓN  
DA IMAXE GRÁFICA**


A imaxe gráfica ten unha  
construción que, en ningún caso,  
pode ser modificada.




**USO DE TIPOGRAFÍA  
NON CORPORATIVA**

Para o logotipo emprégase,  
única e exclusivamente, a tipografía  
Globe Gothic Bold.


Para a denominación de  
departamentos municipais emprégase  
única e exclusivamente, a tipografía  
Helvética Bold.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**




**CONCELLO DE SANTIAGO**



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**Concellería de Deportes**



**CONCELLO DE SANTIAGO**

**Concellería de Deportes**

**CORES NON CORPORATIVAS.  
IMAXE GRÁFICA EN POSITIVO**

A imaxe gráfica na súa versión en positivo só pode ir en negro.  
Nesta versión non se admiten nin o vermello Pantone 193 nin calquera outra cor.






**APLICACIONES. PAPELERÍA**

Todos os impresos da papelería deben rexerse nos seus formatos por normas internacionais (DIN) ou española (UNE).

Os impresos de sobres deben rexerse nos seus formatos por normas internacionais (DIN) ou española (UNE).

Os diferentes formatos parten da medida do prego (841 x 1.189 mm), e cada formato é sempre a metade do anterior (e superior).


**Formatos de papel**




Denominación	Serie A	Serie B	Serie C
0	841 x 1.189	1.000 x 1.414	917 x 1.297
1	594 x 841	707 x 1.000	648 x 917
2	420 x 594	500 x 707	458 x 648
3	297 x 420	353 x 500	324 x 458
4	210 x 297	250 x 353	229 x 324
5	148 x 210	176 x 250	162 x 229
6	105 x 148	125 x 176	114 x 162
7	74 x 105	88 x 125	81 x 114
8	52 x 74	62 x 88	57 x 81
9	37 x 52	44 x 62	
10	26 x 37	31 x 44	

(Medidas en mm)


**Formatos de sobre**



Denominación	Dimensións
Sobre B4	250 x 353 mm
Sobre C4	229 x 324 mm
Sobre C5	162 x 229 mm
Sobre C6	114 x 162 mm
Sobre C7	81 x 114 mm
Sobre C8	57 x 81 mm
Sobre americano	110 x 220 mm



Formato: A4. 210 x 297 mm. Papel: Verxurado 100 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).




**Nome e apelidos:**  
Times roman 11 pto.  
Escala horizontal 91%  
Interliñado automático

**Alcalde de...:**  
Times italic 9 pto.  
Escala horizontal 91%  
Interliñado automático

(\* ) Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.



Formato: A4. 210 x 297 mm. Papel: Verxurado 100 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).



**Gabinete do Alcalde...:**  
Times roman 11 pto.  
Escala horizontal 91%  
Interliñado automático

(\* ) Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.

Formato: A4. 210 x 297 mm. Offset 100 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).

10 mm

10 mm

40 mm

20 mm

**CONCELLO DE SANTIAGO**

**DEPARTAMENTO MUNICIPAL**  
Praza do Obradoiro, nº 1  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 584 000  
Fax: 981 563 864

Nome Apelido Apelido  
Enderezo completo  
Código postal

Señores,

A normalización dos mecanografiados para papeis de carta asegura a unidade de imaxe de toda a correspondencia. Para tal fin preséntase este exemplo válido para calquera organismo do Concello.

A principal característica é aliñación pola esquerda de tódolos textos seguindo o eixe vertical que debuxan as liñas da denominación do organismo.

O nome e o enderezo do destinatario sitúanse a partir do punto impreso na parte superior dereita.

O texto da carta ou comunicado empeza por debaixo da sinal de pregamento, sito na parte esquerda e que aparece en todos os formatos 210 x 297 mm para facilitar o pregado adecuado para o sobre de formato americano.

O nome e o cargo do emisor sitúanse debaixo da sinatura, así como a localidade e a data de expedición, separadas do primeiro grupo por un dobre espazo de máquina. A distancia mínima entre esta última liña e o marxe do papel é de 20 mm.

Cordialmente,

Nome Apelido Apelido  
Cargo

Santiago de Compostela, de de 20

**Departamento...:**

Helvética bold 7 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático  
Espazo despois 0,5 mm  
Caixa alta

**Enderezo...:**

Helvética regular 7 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático

(\*). Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.

Formato: 90 x 50 mm. Cartolina: Verxurada 220 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).



**Nome e apelidos:**

Times roman 9,5 ptos.  
Escala horizontal 91%  
Interliñado automático  
Caixa alta


**Alcalde de...:**

Times roman 8 ptos.  
Escala horizontal 91%  
Interliñado automático

**Enderezo...:**

Times roman 6,5 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático

Formato: 148 x 105 mm (A6). Cartolina: Verxurada 220 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).



**Nome e apelidos:**

Times roman 10,5 ptos.  
Escala horizontal 91%  
Interliñado automático

**Alcalde de...:**

Times itálica 8,5 ptos.  
Escala horizontal 91%  
Interliñado automático

(\*). Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.

Formato: 90 x 50 mm. Cartolina: Verxurada 220 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).



**Nome e apelidos:**

Times roman 9,5 ptos.  
Escala horizontal 91%  
Interliñado automático  
Caixa alta


**Xefe do Gabinete...:**

Times roman 8 ptos.  
Escala horizontal 91%  
Interliñado automático

**Enderezo...:**

Times roman 6,5 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático

Formato: 148 x 105 mm (A6). Cartolina: Verxurada 220 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).



**Gabinete de...:**

Times roman 10,5 ptos.  
Escala horizontal 91%  
Interliñado automático

(\* ) Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.

Formato: 90 x 50 mm. Cartolina: Verxurada 220 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).



**Nome e apelidos:**

Times roman 9,5 ptos.  
Escala horizontal 91%  
Interliñado automático  
Caixa alta


**Concelleiro de...:**

Times roman 8 ptos.  
Escala horizontal 91%  
Interliñado automático

**Enderezo...:**

Times roman 6,5 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático

Formato: 210 x 100 mm. Cartolina: Offset 220 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).



**Nome e apelidos:**

Helvética regular 9,5 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático

**Cargo:**

Helvética itálica 8,5 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático

**Departamento...:**

Helvética bold 7 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático  
Espazo despois 0,5 mm  
Caixa alta

**Enderezo...:**

Helvética regular 7 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático

(\* ) Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.

Formato: A5. 148 x 210 mm. Papel: Verxurado 100 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).

10 mm


15 mm

12 mm

20 mm

20 mm

15 mm



CONCELLO DE SANTIAGO

*O Alcalde de Santiago de Compostela*

SAÚDA

*Nome Apelido Apelido*

*aproveita gustoso esta oportunidade para expresarlle o testemuño da súa consideración máis distinguida.*

*Santiago, de de 200*

**O Alcalde de Santiago...:**

Times itálica 11 ptos.  
Escala horizontal 91%  
Aliñación centrada  
Interliñado automático

**Sáuda...:**

Times roman 21 ptos.  
Escala horizontal 91%  
Aliñación centrada  
Interliñado automático  
Caixa alta

**Nome e apelidos...:**

Times itálica 12 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Aliñación centrada  
Interliñado automático

**Aproveita gustoso...:**

Times itálica 10 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Aliñación centrada  
Interliñado automático

(\*). Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.

Formato: 148 x 210 mm (A5). Papel: Verxurado 100 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).

10 mm

10 mm

85 mm

20 mm

CONCELLO DE SANTIAGO


Nome Apelido Apelido  
*Alcalde de Santiago de Compostela*

**Nome e apelidos...:**  
Times roman 11 ptos.  
Escala horizontal 91%  
Interliñado automático

**Alcalde de...:**  
Times itálica 9 ptos.  
Escala horizontal 91%  
Interliñado automático

(\* ) Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.

Formato: 148 x 210 mm (A5). Papel: Verxurado 100 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).




**Gabinete de...:**  
Times roman 11 ptos.  
Escala horizontal 91%  
Interliñado automático

(\* ) Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.



Formato: 148 x 210 mm (A5). Papel: Offset 100 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).



**Departamento...:**


Helvética bold 7 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático  
Espazo despois 0,5 mm  
Caixa alta

**Enderezo...:**

Helvética regular 7 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático

(\*) Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.

Formato: 220 x 110 mm. Papel: Verxurado 100 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).



**Alcalde de...:**  
Times bold itálica 11 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Aliñación centrada  
Interliñado automático

(\* ) Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.

Formato: 220 x 110 mm. Papel: Offset 100 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).



**Departamento...:**

Helvética bold 7 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático  
Espazo despois 0,5 mm  
Caixa alta


**Enderezo...:**

Helvética regular 7 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático




(\*). Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.

Formato: 260 x 185 mm. Papel: Offset 100 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).



(\* ) Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.

Formato: 260 x 185 mm. Papel: Offset 100 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).



**Departamento...:**  
Helvética bold 7 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático  
Espazo despois 0,5 mm  
Caixa alta

**Enderezo...:**  
Helvética regular 7 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático

(\*). Recómendase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.

Formato: 325 x 230 mm. Papel: Offset 100 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).


12 mm

**Departamento...:**

Helvética bold 8 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático  
Espazo despois 0,5 mm  
Caixa alta

**Enderezo...:**

Helvética regular 8 ptos.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

30 mm

35 mm


**DEPARTAMENTO MUNICIPAL**

Praza do Obradoiro, nº 1  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 584 000  
Fax: 981 563 864

12 mm

(\* ) Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.


Formato: 230 x 320 mm (pechado). 460 x 320 mm (aberto).  
 Papel: Cartolina Azaar. 186 g/m<sup>2</sup>, branco (\*).



**Teléfono centralita e páxina web:**  
 Helvética roman 10 ptos.  
 Escala horizontal 100%  
 Interliñado automático  
 Caixa alta e baixa

(\* ) Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.

Formato: 230 x 320 mm (pechado). 460 x 320 mm (aberto).  
 Papel: Cartolina Azaar. 186 g/m<sup>2</sup>, branco (+).




**Teléfono centralita e páxina web:**  
 Helvética roman 10 ptos.  
 Escala horizontal 100%  
 Interliñado automático  
 Caixa alta e baixa

(+) Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.



Formato: 235 x 320 mm (pechado). 470 x 320 mm (aberto).  
Papel: Cartolina Azaar. 186 g/m<sup>2</sup>, branco (+).



**Expediente...:**  
Helvética bold 11 pts.  
Escala horizontal 100%  
Interliñado automático

(+) Recoméndase de forma orientativa. Poderá utilizarse outro de características semellantes ás indicadas.




**APLICACIONES.  
PRENSA, PUBLICACIONES**

Utilízanse para difundir información de tipo oficial: avisos, convocatorias, licenzas, edictos, cursos, comunicados, etc. Nesta versión manterase o recadro negro vertical coa imaxe gráfica en negativo na parte superior.

Son, basicamente anuncios de texto, compostos nos periódicos e revistas, polo que serán de deseño sinxelo. A tipografía normativa é a familia da Helvética e da Arial.

20 mm



25 mm


## LICENZAS 2911/04

No Negociado de Licencias do Concello de Santiago de Compostela tramítase, a nome de Dña. Nome Apelido Apelido, unha solicitude de trámite de excepción para construción de vivenda unifamiliar na parcela 2492 de Sabugueira-Carballal, Lugar de Vilamaior.

- ▮ Localización: Sabugueira-Carballal, Lugar de Vilamaior (Parcela 0000)
- ▮ Altura: 7 m
- ▮ Superficie parcela: 4.000 m<sup>2</sup>
- ▮ Horario de consulta: Luns e xoves de 12 a 14 horas.

O que en cumprimento do disposto polos art. 33 e 41 da Lei 9/2002 de 30 de decembro (modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro), de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se publica para que no prazo de 20 días poidan formularse as reclamacións ou alegacións que se coiden oportunas.

Santiago de Compostela, día do mes do ano  
*O Concelleiro-delegado de Urbanismo*  
Asdo/ **Nome Apelido Apelido**



## CURSOS DE LINGUA GALEGA

A Concellaría de Política Lingüística do Concello de Santiago e a Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia fan pública a oferta completa de cursos de lingua galega, abertos ao público en xeral, que se van realizar en Compostela durante a primavera dentro da orde de convocatoria do 21 de xaneiro de 2005.

Iniciación	Perfeccionamento
De luns a venres, de 08:30 a 10:30 h no Centro Sociocultural de Vite	De luns a venres, de 08:30 a 10:30 h no Centro Sociocultural de Conxo
De luns a venres, de 11 a 13 h no Centro Sociocultural de Conxo	De luns a venres, de 11 a 13 h no Centro Sociocultural de Vite
De luns a xoves de 11.30 a 13.30 h no Centro Cultural Xoán XXIII	De luns a xoves de 11.30 a 13.30 h no Centro Cultural Xoán XXIII
Luns, mércores e xoves de 17 a 19 h no Instituto de E.S. Xelmírez I	Luns, mércores e xoves de 17 a 19 h no Instituto de E.S. Xelmírez I
Luns, mércores e xoves de 19.15 a 21.15 h no Instituto de E.S. Xelmírez I	Luns, mércores e xoves de 19.15 a 21.15 h no Instituto de E.S. Xelmírez I

### INSCRICIÓN

A inscrición pode presentarse indistintamente en calquera dos seguintes lugares:

- ▮ Rexistro Xeral do Concello de Santiago (*Rúa de Salvador Allende*)
- ▮ Rexistro da Consellaría de Educación (*Edificios administrativos de San Caetano*)
- ▮ Delegación da Consellaría de Educación na Coruña.

### PRAZOS

O prazo de inscrición remata o 19 de febreiro. A partir do 4 de marzo estarán dispoñíbeis as listas de admisión, que poderán consultarse no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Política Lingüística (Xunta de Galicia) ou no Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago (981 542 409 [dlg@aytocompostela.es](mailto:dlg@aytocompostela.es)).

Os cursos comezarán o 14 de marzo e terán unha duración de 60 horas lectivas.


### DOCUMENTACIÓN

- ▮ Impreso que se facilita na Oficina de Atención ao Cidadán.
- ▮ Fotocopia do título ou da validación do curso de iniciación en caso de inscricións no curso de perfeccionamento.

En todos eles manterase o recadro branco vertical coa imaxe gráfica en positivo na parte superior.

O resto das súas características son iguais cás da versión coa imaxe gráfica en negativo.

25 mm



**LICENZAS 2911/04**


No Negociado de Licencias do Concello de Santiago de Compostela tramítase, a nome de Dna. Nome Apelido Apelido, unha solicitude de trámite de excepción para construción de vivenda unifamiliar na parcela 2492 de Sabugueira-Carballal, Lugar de Vilamaior.

- ▮ Localización: Sabugueira-Carballal, Lugar de Vilamaior (Parcela 0000)
- ▮ Altura: 7 m
- ▮ Superficie parcela: 4.000 m<sup>2</sup>
- ▮ Horario de consulta: Luns e xoves de 12 a 14 horas.

O que en cumprimento do disposto polos art. 33 e 41 da Lei 9/2002 de 30 de decembro (modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro), de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se publica para que no prazo de 20 días poidan formularse as reclamacións ou alegacións que se coiden oportunas.

Santiago de Compostela, día do mes do ano  
O Concelleiro-delegado de Urbanismo  
Asdo/ **Nome Apelido Apelido**

25 mm



**CURSOS DE LINGUA GALEGA**

A Concellaría de Política Lingüística do Concello de Santiago e a Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia fan pública a oferta completa de cursos de lingua galega, abertos ao público en xeral, que se van realizar en Compostela durante a primavera dentro da orde de convocatoria do 21 de xaneiro de 2005.

Iniciación	Perfeccionamento
De luns a venres, de 08:30 a 10:30 h no Centro Sociocultural de Vite	De luns a venres, de 08:30 a 10:30 h no Centro Sociocultural de Conxo
De luns a venres, de 11 a 13 h no Centro Sociocultural de Conxo	De luns a venres, de 11 a 13 h no Centro Sociocultural de Vite
De luns a xoves de 11.30 a 13.30 h no Centro Cultural Xoán XXIII	De luns a xoves de 11.30 a 13.30 h no Centro Cultural Xoán XXIII
Luns, mércores e xoves de 17 a 19 h no Instituto de E.S. Xelmírez I	Luns, mércores e xoves de 17 a 19 h no Instituto de E.S. Xelmírez I
Luns, mércores e xoves de 19.15 a 21.15 h no Instituto de E.S. Xelmírez I	Luns, mércores e xoves de 19.15 a 21.15 h no Instituto de E.S. Xelmírez I

**INSCRICIÓN**  
A inscrición pode presentarse indistintamente en calquera dos seguintes lugares:

- ▮ Rexistro Xeral do Concello de Santiago  
(*Rúa de Salvador Allende*)
- ▮ Rexistro da Consellaría de Educación  
(*Edifícios administrativos de San Caetano*)
- ▮ Delegación da Consellaría de Educación na Coruña.

**PRAZOS**  
O prazo de inscrición remata o 19 de febreiro.  
A partir do 4 de marzo estarán dispoñíbeis as listas de admisión, que poderán consultarse no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Política Lingüística (Xunta de Galicia) ou no Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago (981 542 409 [dlg@aytocompostela.es](mailto:dlg@aytocompostela.es)).


Os cursos comezarán o 14 de marzo e terán unha duración de 60 horas lectivas.

**DOCUMENTACIÓN**

- ▮ Impreso que se facilita na Oficina de Atención ao Cidadán.
- ▮ Fotocopia do título ou da validación do curso de iniciación en caso de inscricións no curso de perfeccionamento.

En todos eles manterase o recadro branco vertical coa imaxe gráfica en positivo na parte superior.

O resto das súas características son iguais cás da versión coa imaxe gráfica en negativo.



**CONCELLO DE SANTIAGO**

16 mm

**Concellaría de Urbanismo e Patrimonio**


**LICENZAS 2911/04**

No Negociado de Licencias do Concello de Santiago de Compostela tramítase, a nome de Dna. Nome Apelido Apelido, unha solicitude de trámite de excepción para construción de vivenda unifamiliar na parcela 2492 de Sabugueira-Carballal, Lugar de Vilamaior.

- Localización: Sabugueira-Carballal, Lugar de Vilamaior (Parcela 0000)
- Altura: 7 m
- Superficie parcela: 4.000 m<sup>2</sup>
- Horario de consulta: Luns e xoves de 12 a 14 horas.

O que en cumprimento do disposto polos art. 33 e 41 da Lei 9/2002 de 30 de decembro (modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro), de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se publica para que no prazo de 20 días poidan formularse as reclamacións ou alegacións que se coiden oportunas.

Santiago de Compostela, día do mes do ano  
O Concelleiro-delegado de Urbanismo  
Asdo/ **Nome Apelido Apelido**



**CONCELLO DE SANTIAGO**

---

**Concellaría de Educación, Mocidade, Sanidade e Consumo**

**CURSOS DE LINGUA GALEGA**

A Concellaría de Política Lingüística do Concello de Santiago e a Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia fan pública a oferta completa de cursos de lingua galega, abertos ao público en xeral, que se van realizar en Compostela durante a primavera dentro da orde de convocatoria do 21 de xaneiro de 2005.

**INICIACIÓN**

De luns a venres, de 08:30 a 10:30 h  
no Centro Sociocultural de Vite

De luns a venres, de 11 a 13 h  
no Centro Sociocultural de Conxo

De luns a xoves de 11.30 a 13.30 h  
no Centro Cultural Xoán XXIII

Luns, mércores e xoves de 17 a 19 h  
no Instituto de E.S. Xelmírez I

Luns, mércores e xoves de 19.15 a 21.15 h  
no Instituto de E.S. Xelmírez I.

**PERFECCIONAMENTO**

De luns a venres, de 08:30 a 10:30 h  
no Centro Sociocultural de Conxo

De luns a venres, de 11 a 13 h  
no Centro Sociocultural de Vite

De luns a xoves de 11.30 a 13.30 h  
no Centro Cultural Xoán XXIII

Luns, mércores e xoves de 17 a 19 h  
no Instituto de E.S. Xelmírez I

Luns, mércores e xoves de 19.15 a 21.15 h  
no Instituto de E.S. Xelmírez I.

**INSCRICIÓN**

A inscrición pode presentarse indistintamente en calquera dos seguintes lugares:

- Rexistro Xeral do Concello de Santiago  
(*Rúa de Salvador Allende*)
- Rexistro da Consellaría de Educación  
(*Edifícios administrativos de San Caetano*)
- Delegación da Consellaría de Educación  
na Coruña.

**PRAZOS**

O prazo de inscrición remata o 19 de febreiro.

A partir do 4 de marzo estarán dispoñíbeis as listas de admisión, que poderán consultarse no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Política Lingüística (Xunta de Galicia) ou no Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago (981 542 409 [dlg@aytocompostela.es](mailto:dlg@aytocompostela.es)).

Os cursos comezarán o 14 de marzo e terán unha duración de 60 horas lectivas.

**DOCUMENTACIÓN**

- Impreso que se facilita na Oficina de Atención ao Cidadán.
- Fotocopia do título ou da validación do curso de iniciación en caso de inscricións no curso de perfeccionamento.

Exemplo de bando en tamaño de  
media páxina coa imaxe gráfica  
en negativo

35 mm

40 mm



**BANDO**

# *Compostela Capital*

Coa aprobación unánime do Parlamento de Galicia, expresión da vontade do pobo galego, culmina o longo proceso que fai de Santiago de Compostela capital de Galicia e dos galegos.

Máis de 20 anos tiveron que transcorrer desde que no 1982 fora designada Compostela como sede das institucións autonómicas para que se diluíran reticencias e se esvaeran rémoras infundadas. Neste tempo, Compostela, cidade cunha tradición municipalista, universal e galega tan sólida e intachable como a propia pedra que a conforma, exerceu exemplarmente, con altura de miras, xenerosidade e mesmo con renuncias, un papel aglutinador de Galicia. Foi discreta e atenta cos problemas e necesidades das nosas cidades veciñas e irmáns; foi cordial e ecuánime no mutuo respecto e no recíproco apoio; foi impulsora e salvagarda de canto redundara no interese e beneficio xeral de Galicia e dos galegos.

Así, a todos atendeu e de todos procurou aprender, coa premisa de exercer sempre a solidariedade, un trazo de identidade profundamente arraigado desde que esta cidade nacera ao final dun Camiño, para abrigo de esperanzas e luz de peregrinos.

Non cabe dúbida de que no corazón dos galegos, dentro e fóra das fronteiras do noso país, Santiago de Compostela é a súa capital afectiva e sentimental, o nome que nos máis afastados currunchos do mundo evoca a súa patria e a súa terra. É tamén, pola súa singularidade histórica e artística, o referente universal de Galicia, o foco de atracción e a porta, sempre aberta, para os nosos visitantes.

Agora Santiago de Compostela, capital de feito de Galicia e dos galegos, pasa a ser tamén capital de dereito, e, nesta feliz e necesaria concorrencia do espírito e da lei, Compostela Capital expresa o seu máis fondo agradecemento a todas as cidades, vilas e aldeas de Galicia que nos confiaron ata agora a tácita responsabilidade da súa representación. Expresa tamén o seu recoñecemento a todos cantos ao longo da historia, de Sánchez Villamarín a López Pol, de Ánxel Casal a Otero Pedrayo, de Rosalía de Castro a Castelao... trazaron o camiño desta longa andaina, e a todos os anónimos galegos que, con honestidade e perseverancia, contribúen co seu traballo cotián a facer Galicia.

Compostela recibe e asume a confianza depositada en nós, non como un privilexio de distinción, senón como un vínculo que nos compromete aínda máis a continuar representando fiel e incansablemente a Galicia e sendo o espello e alma dos galegos.

É o compromiso desta cidade.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2002

**Nome Apellido Apellido**  
*Alcalde de Santiago de Compostela*

Exemplo de bando en tamaño de  
media páxina coa imaxe gráfica  
en positivo

40 mm

40 mm



## BANDO

# Compostela Capital

Coa aprobación unánime do Parlamento de Galicia, expresión da vontade do pobo galego, culmina o longo proceso que fai de Santiago de Compostela capital de Galicia e dos galegos.

Máis de 20 anos tiveron que transcorrer desde que no 1982 fora designada Compostela como sede das institucións autonómicas para que se diluíran reticencias e se esvaeraran rémoras infundadas. Neste tempo, Compostela, cidade cunha tradición municipalista, universal e galega tan sólida e intachable como a propia pedra que a conforma, exerceu exemplarmente, con altura de miras, xenerosidade e mesmo con renuncias, un papel aglutinador de Galicia. Foi discreta e atenta cos problemas e necesidades das nosas cidades veciñas e irmáns; foi cordial e ecuánime no mutuo respecto e no recíproco apoio; foi impulsora e salvagarda de canto redundara no interese e beneficio xeral de Galicia e dos galegos.

Así, a todos atendeu e de todos procurou aprender, coa premissa de exercer sempre a solidariedade, un trazo de identidade profundamente arraigado desde que esta cidade nacera ao final dun Camiño, para abrigo de esperanzas e luz de peregrinos.

Non cabe dúbida de que no corazón dos galegos, dentro e fóra das fronteiras do noso país, Santiago de Compostela é a súa capital afectiva e sentimental, o nome que nos máis afastados currunchos do mundo evoca a súa patria e a súa terra. É tamén, pola súa singularidade histórica e artística, o referente universal de Galicia, o foco de atracción e a porta, sempre aberta, para os nosos visitantes.

Agora Santiago de Compostela, capital de feito de Galicia e dos galegos, pasa a ser tamén capital de dereito, e, nesta feliz e necesaria concorrencia do espírito e da lei, Compostela Capital expresa o seu máis fondo agradecemento a todas as cidades, vilas e aldeas de Galicia que nos confiaron ata agora a tácita responsabilidade da súa representación. Expresa tamén o seu recoñecemento a todos cantos ao longo da historia, de Sánchez Villamarín a López Pol, de Ánxel Casal a Otero Pedrayo, de Rosalía de Castro a Castelao... trazaron o camiño desta longa andaina, e a todos os anónimos galegos que, con honestidade e perseverancia, contribúen co seu traballo cotián a facer Galicia.

Compostela recibe e asume a confianza depositada en nós, non como un privilexio de distinción, senón como un vínculo que nos compromete aínda máis a continuar representando fiel e incansablemente a Galicia e sendo o espello e alma dos galegos.

É o compromiso desta cidade.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2002

**Nome Apellido Apellido**  
*Alcalde de Santiago de Compostela*



Na composición destes anuncios déixase total liberdade ao deseñador, pero respectando as normas descritas neste manual para a colocación da imaxe gráfica




A disposición dos elementos corporativos deberán seguir as seguintes pautas

**Cuberta:** figurará o logotipo “Concello de Santiago” en positivo ou negativo, segundo o requira o deseño. A disposición espacial do logotipo quedará a criterio do deseñador.

**Contracuberta:** irá a imaxe gráfica (símbolo e logotipo). O tamaño mínimo permitido en publicacións será aquel no que o símbolo teña 12 mm de ancho.

**Lombo:** irá o símbolo corporativo. Estes elementos deberán colocarse a 15 mm do bordo inferior.




**Lombo**

O tamaño **mínimo** permitido do símbolo no lombo é de 6 mm de ancho.

O tamaño **máximo** permitido do símbolo no lombo é de 8 mm de ancho.

En lombos de menos de 10 mm non se colocará o símbolo.



**Outras publicacións  
(folletos, trípticos, invitacións...)**

**Portada:** figurarán a imaxe gráfica (símbolo e logotipo), seguindo a normativa de aplicación xeral. A disposición espacial quedará a criterio do deseñador.

**Contraportada:** igual que no libro.



O material audiovisual editado polo Concello (CD, DVD,...) deberá incluír en lugar visible a imaxe gráfica corporativa.

Na composición destes soportes déixase total liberdade ao deseñador, pero respectando as normas descritas neste manual para a colocación da imaxe gráfica.



Os diferentes actos convocados polo Concello (conferencias, presentacións...) nos que se recorra a este tipo de elementos de comunicación deberán estar identificados coa imaxe gráfica corporativa.

Dada a multiplicidade deste tipo de eventos e/ou actividades nas que participan e colaboran polo xeral varias institucións e/ou patrocinadores, a disposición gráfica dos distintos símbolos e logotipos debe ser material

cuidadosa por parte dos profesionais encargados da organización e desenvolvemento do acto.

A xeito de exemplo, só como unha referencia, ilústranse algunhas posibilidades.

Na composición destes soportes déixase total liberdade ao deseñador, pero respectando as normas descritas neste manual para a colocación da imaxe gráfica.



# Nome do Acto ou Congreso

Información secundaria

Data do evento

